

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Sra. alcaldesa, con data 18 de setembro de 2024 ditou a seguinte **RESOLUCIÓN** :

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DE COLUMBARIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A D. GERMÁN FERNÁNDEZ PRIETO

EXPEDIENTE: 2024/G003/001204

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 12 de setembro de 2013 (res 714/13), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos columbarios do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da Alcaldía do 9 de novembro de 2012, quedaron libres os columbarios que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía de 16 de novembro de 2012 (res 828/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VI do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do Concello de Teo.

Considerando que, con data de 28/08/2024 (rex. entrada nº 3728), presentouse a solicitude de dous columbarios no cemiterio municipal por D. Germán Fernández Prieto.

Considerando que ao atoparse correcta a solicitude presentada, xunto coa documentación que a acompaña, procedeuse a realizar, con data de 3 de setembro de 2024, proposta de adxudicación a favor do interesado, de conformidade co previsto na cláusula 19 do prego de condicións, requeríndolle para que procedera ao aboamento das tarifas correspondentes.

Considerando que a citada proposta foi notificada ao interesado con data de 3 de setembro de 2024 (registro de saída nº 1899), publicándose na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios na mesma data.

Considerando que, dentro de prazo habilitado ao efecto, procedeuse ao ingreso da tarifa correspondente polo interesado, tal e como se acreditou mediante o xustificante de aboamento presentado no concello con data de 9 de setembro de 2024 (rex. entrada nº 202400000004207).

Vista a proposta da Alcaldía de asignación concreta de columbarios de 11 de setembro de 2024.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar a concesión do uso privativo dos columbarios C14 e C15 do Bloque 2 do cemiterio municipal do Concello de Teo a D. Germán Fernández Prieto, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía do 16 de novembro de 2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

Segundo.- Requirir ao adxudicatario para que, dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación do presente, acredite a constitución da garantía definitiva equivalente ao 3% do valor de dominio público obxecto de ocupación, que poderá constituirse en calquera das formas previstas no artigo 108 da LCSP (Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público). A estes efectos faise constar que, segundo a documentación que obra no expediente e conforme ao prego de condicións, o importe da garantía definitiva, por cada columbario adxudicado, ascende a 6,28 € (12,56€ en total).

Dita acreditación deberá efectuarse mediante a presentación, no rexistro xeral do concello, do documento acreditativo de constitución da garantía definitiva.

Terceiro.- Notificar o presente ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes, advertíndolle que o incumprimento do requisito previsto na parágrafo anterior, por causas que lle sexan imputables, impedirá a formalización da concesión ao seu favor.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral

Vº e Praxe

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz